

## Acta da sesión ordinaria da Comisión Permanente de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 12 de maio de 2016 na Sala de Xuntas da Facultade

### Asistentes:

#### *Equipo decanal*

Alonso Bacigalupe, Luis  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> del Carmen  
Rodríguez Barcia, Susana  
Figuroa Dorrego, Jorge  
Anaya Revuelta, Inmaculada  
Del Pozo Triviño, Maribel

#### *Sector (A) Profesorado*

Montero Domínguez, Xoán  
Montero Reguera, José  
Sánchez Trigo, Elena  
Seoane Posse, Elena

#### *Sector (B) Profesorado*

Ferreiro Vázquez, Óscar

#### *Sector (D) P.A.S.*

Fernández Cruz, Manuel

#### *Sector (C) Estudiantes*

Barbosa Losada, Víctor  
Fernández Casanova, Alicia  
García Fonte, Nuria

#### *Desculpas e ausencias xustificadas*

Comeza a sesión ás 13:07h en segunda, na Sala de Xuntas da FFT coa seguinte

### ORDE DO DÍA:


#### 1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (1/3/2016)

Apróbase por asentimento.

#### 2. Informe do decano

O decano informa sobre os seguintes puntos:

- a. A facultade recibe unha axuda de 6.000 euros da vicerreitoría de Economía e Planificación para facer unha campaña de promoción do Grao de Ciencias da Linguaxe. Estase encargando unha empresa de comunicación.
- b. A comisión de Calidade aprobou un procedemento para facilitar a entrega dos TFM no negociado de asuntos xerais, do que se poden beneficiar os másteres da facultade. Non é un requisito obrigatorio que se faga así o procedemento da entrega, pero si se pide que se entregue copia de todos os traballos para que se garde con vistas a futuros procesos de acreditación dos títulos da facultade. Debátese sobre a oportunidade de ter unha normativa que regule o procedemento de entrega e depósito destes traballos de fin de máster, e interveñen os profesores Jorge Figuroa e Xoán Montero, e Manuel Fernández.
- c. Plan de emerxencias. Vanse nomear membros do PDI para formar equipos que atendan emerxencias. Recibirán formación específica.
- d. Estase a iniciar a reforma da páxina web da FFT.
- e. Proposta para tratar de dirixir a organización das actividades culturais en datas previamente



planificadas, aproveitando en particular o inicio de curso.

- f. Consulta sobre o suplemento europeo ao título (S.E.T.). Ante a conveniencia de saber que se fai noutras universidades en relación á información rexistrada sobre as linguas de traballo no S.E.T. de

Tradución e Interpretación, fixéronse unha serie de consultas a outras universidades a través da sección de títulos da Universidade de Vigo. O resultado foi que non hai un único proceder, pero algunha universidade si que menciona a lingua B no S.E.T.

Outro ítem do documento S.E.T. refírese á lingua en que se realizan os exames. Actualmente a información que aí figura, no caso dos nosos titulados e tituladas en Tradución e Interpretación e en Linguas estranxeiras, é a das linguas oficiais, galego e español.

A profesora Sánchez Trigo suxire que se pregunte á Universidade Autónoma de Barcelona, á Jaume I de Castellón, e a Universidade do País Vasco, e suxire que pode ser aconsellable incluír tamén a mención da lingua C.

- g. Estase a percibir a necesidade de que o alumnado acredite o seu nivel de competencia en linguas estranxeiras para a mobilidade. A profesora Sánchez Trigo suxire que se esixa un nivel de lingua aos/ás estudantes que recibimos. Prodúcese un debate sobre quen deba asinar os certificados de acreditación no que interveñen Xoán Montero, Maribel del Pozo, Jorge Figueroa, Óscar Ferreiro, Elena Sánchez e o decano.
- h. Comprouse unha destrutora de documentos
- i. Estase a traballar no calendario académico para o próximo curso.
- j. O vicedecano de Relacións internacionais informa da necesidade de facer un catálogo de materias en inglés. Por ese motivo vai pedir ao profesorado que faga unha pequena ficha de cada materia.

### 3. Aprobación, se proceder, da *III Edición do Título propio de Especialista en dobre*

O decano explica que xa estivo en exposición para os membros da comisión.  
Apróbase por asentimento.

### 4. Rolda aberta de intervencións

Manuel Fernández suxire que nas xornadas de presentación para o alumando de novo ingreso e tamén para o que pasa a cuarto se lles informe sobre cuestións de normativa académica.

Elena Sánchez Trigo solicita que se publiquen na web as actas.

Remata a sesión ás 14:14.

Vigo, 12 de maio de 2016

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

María del Carmen Cabeza Pereiro

segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do *Regulamento Interno da FFI*, 67 dos *Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e 27 da *Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Comisión Permanente celebrada o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

A Secretaria da Facultade

María del Carmen Cabeza Pereiro